



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA  
(Pontevedra)

[www.sghn.org](http://www.sghn.org)    [entomoloxia@sghn.org](mailto:entomoloxia@sghn.org)

D. Xosé Lois Rey Muñiz, con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía, provisto de D.N.I. nº 35.451.163K, actuando en calidade de Coordinador da Sección de Entomoloxía da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN), asociación inscrita co nº 584.918 no Rexistro Nacional de Asociacións, en relación con diversas informacións publicadas na prensa o pasado doce de xaneiro, sobre unha suposta praga ocasionada polo cerambícido *Cerambyx cerdo* na carballeira de Caldas de Reis.

### EXPÓN:

- Que esta entidade procedeu a unha inspección na citada carballeira para contrastar a información publicada e observar directamente a situación.
- Que *Cerambyx cerdo* é un escarabello da familia dos cerambícidos que está amparado por varias figuras de protección e catalogación como:
  - o Categoría UICN: Vulnerable A1c+2c
  - o Anexo II e IV da Directiva Hábitats (Directiva 42/93/CEE do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. O Anexo II contén as especies para as cales é necesario designar zonas especiais de conservación e o Anexo IV é para as especies que requiren protección estricita.
  - o Anexo II do Convenio de Berna de 1979, como especie de fauna estritamente protexida.
- Que o normal para esta especie é que as súas larvas se alimenten de madeira morta de árbores xa debilitadas e non ó revés, é dicir, que este insecto non provoca o debilitamento da árbore e o podrecemento da madeira.
- Que na carballeira de Caldas observouse a presenza desta especie (actual ou pasada) en varias árbores, a través das marcas das larvas na madeira. Nunha árbore deitada tamén observouse un proceso de podrecemento da raizames, que unido ós temporais pasados, doadamente é a causa principal da caída desta e outras árbores da zona.

.../...



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

(Pontevedra)

www.sghn.org entomoloxia@[sghn.org](mailto:sghn.org)

.../...

- Que se anexa copia do escrito presentado en similares termos ó Concello de Caldas de Reis (Pontevedra).

### SOLICITA:

- Que esta Consellería valore con criterios científicos e técnicos a autorización de calquera tratamento que poida afectar á flora e fauna desta carballeira e en especial ás especies xylófagas. Igualmente solicitamos que se avalie o estado fitosanitario do solo, dao que nunha primeira visita o estado de podedumbre das raizames non semella estar causado polo *Cerambyx cerdo*.
- Que se dea resposta á SGHN sobre as decisións e autorizacións que emita esta Consellería en relación coa Carballeira de Caldas de Reis (Pontevedra).

Vilagarcía, a seis de febreiro de 2014.

Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**  
**DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. SANTIAGO.**